



CONCELLO DE MUROS

## **BANDO**

Informamos a toda a veciñanza que o vindeiro 13 de abril, con motivo do VIII Dúatlon “Eleuterio Balayo” do Concello de Muros, a estrada comarcal AC 550 permanecerá cortada ao tráfico entre os puntos quilométricos 40,500 e 36,800, en dirección de Muros a Cee. Estes puntos corresponden á zona da lonxa vella e á estación depuradora do cámping “A Vouga”.

**SÁBADO 13 DE ABRIL DE 2024**  
**OS TEMPOS DE CORTES SERÁN DE**  
**14:30 A 15:45 E DE 16:45 A 18:30**

Haberá persoal da Policía Local, GES Muros e Protección Civil para garantir a seguridade tanto dos participantes na proba como da veciñanza. Por iso, pedímoslle que siga as súas indicacións.

Agradecemos a súa comprensión e colaboración, e recomendámoslle que, na medida do posible, organice o uso do seu vehículo para minimizar as molestias tanto para vostede como para o desenvolvemento da proba deportiva.

Muros, 8 de abril de 2024

A alcaldesa,  
María Lago Lestón